

MANUEL CABADA CASTRO

[Publicado en “Faro de Vigo”, martes, 24 de xaneiro de 2017]

Un meteorito chamado Agrelo

Os meteoritos vense cun pouco de sorte alumar no ceo para desapareceren da vista pouquiño despois. O franciscano Santiago Agrelo é un deles cando algunha vez dá unha volta polo “mundo feliz” europeo e fala á abraiada concorrência das cousas que alí, ou preto de alí, en Tánxer, onde exerce como arcebispo, pode ver. A finais do outono pasado, convidado polo Foro de “Encrucillada”, compartiu en Santiago as súas vivencias e os seus sentimentos en relación co drama dos refuxiados que, oprimidos por guerras e persecucións, buscan por tódolos medios unha solución a algo que para calquera ser humano é absolutamente prioritario e moi simple e doado de entender: atopar un anaco de terra libre para seguir vivindo cun mínimo de paz e dignidade. Os profetas están aí para denunciar abusos e para nos lembrar neste senso unha e outra vez que -teñamos ou non a mesma cultura, lingua, relixión ou cor da pel- pertencemos en definitiva todos a unha mesma humanidade e conforme a iso debemos mutuamente tratarnos. Agrelo é así un moderno profeta vivo, que remove conciencias adurmiñadas e modos ensimesmados de pensar e de sentir dos de abaixo, dos de arriba ou dos que habitan en cómodos lugares intermedios.

No seu relatorio *Ver para acoller* (recentemente publicado en “Encrucillada”) dixo cousas coma estas, que lles darán seguramente que pensar tanto a ateos inquedaos coma a supostos crentes satisfeitos de si mesmos: “Non se é ateo por declararse tal; non negan a Deus os que din que non cren nel ou que non saben se cren on non. Negador de Deus, negador do amor que é Deus, da bondade que é Deus, da misericordia que é Deus, é quen ignora o sufrimento dos pobres”. E remataba, case do mesmo xeito, o seu nada compracente ou politicamente correcto discurso así: “Se non vemos os pobres, negamos a Deus. A cegueira –a indiferenza- ante a dor humana é unha forma radical de negar a Deus, pois é negación do que Deus di de si mesmo, do que Deus é: amor compasivo, amor misericordioso, simplemente amor”.

Filósofos e teólogos de gran valía dicían hai xa tempo cousas así e o bo Francisco de Roma proclámaas tamén hoxe pola súa conta. Deixou logo a denominada “Europa cristiá” de ser tal? É posíbel. En calquera caso, ser ou non ser cristián –o mesmo ca ser ou non ser ateo, etc.- depende non do que un di que é ou non é senón de como se comporta na vida. Vén sendo algo semellante ó dos “puntos” do carné de conducir. Pódense perder se un anda pola vida segando ou pondo en perigo as vidas dos demais.